

<b>SUBVENCIÓN</b>	<b>Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero</b>
<b>CÓDIGOS PROCEDEMENTO</b>	<b>VI482D – Prórroga do bono de alugueiro social para VVX</b>
<b>PUBLICACIÓN</b>	DOG número 90 do martes 10 de maio de 2022. RESOLUCIÓN de 2 de maio de 2022 pola que se convoca a prórroga para o ano 2022 das subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. (Código de procedemento VI482D)
<b>BASES REGULADORAS</b>	ORDE do 11 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (DOG núm. 78 do 24 de abril de 2019)
<b>OBXECTO</b>	Esta resolución ten por obxecto convocar a prórroga ata o 31 de decembro de 2022 das subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero para todas as persoas que resultasen beneficiarias deste programa nos anos 2019, 2020 e 2021 e que non teñan esgotado o período máximo de duración da axuda, que non pode exceder de tres anos, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero
<b>PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES</b>	O prazo para a presentación de solicitudes desta convocatoria comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e terminará o día 21 de novembro de 2022, nos seguintes termos: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Naqueles supostos en que xa tivera rematado durante este ano 2022 o período de percepción da concesión inicial ou da prórroga do bono de alugueiro, a persoa beneficiaria disporá dun mes, contado a partir do día seguinte ao de publicación desta resolución, para solicitar a prórroga da axuda.</li> <li>- No suposto de que a concesión inicial ou a prórroga da axuda concedida non rematara na data de publicación desta resolución, a solicitude deberá presentarse dentro dos dous meses anteriores á data de remate da concesión inicial ou da prórroga que se estea disfrutando.</li> </ul>
<b>PERSOAS BENEFICIARIAS</b>	Poderán ser beneficiarias desta prórroga aquelas persoas que, resultando beneficiarias desta axuda e non tendo perdido o dereito mediante a oportuna resolución nin esgotado o período máximo da súa duración, finalicen o seu período de desfrute durante o ano 2022 e cumpran os requisitos previstos no ordinal quinto desta resolución.

<b>REQUISITOS XERAIS PERSONAS BENEFICIARIAS</b>	Pessoas físicas.
	Estar empadroadas e ter residencia efectiva nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia durante os 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da axuda. Ademais, no caso das persoas estranxeiras, cando así o exixa a lexislación vixente, deberán posuér o permiso de residencia. No caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, será suficiente acreditar que están empadroadas nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia e que posúen autorización de residencia por circunstancias excepcionais.
	Que sexan arrendatarias dunha vivenda nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha duración mínima dun ano e con mención expresa da súa referencia catastral, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos. No caso dos menores de idade orfos por violencia de xénero, así como das vítimas de trata menores de idade, o contrato de arrendamento deberá ser asinado pola persoa que posúa a patria potestade, tutela ou acollemento familiar permanente do/a dito/a menor.
	Que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento debe constituir o seu domicilio habitual e permanente.
	Que a renda mensual do contrato non supere os importes sinalados no artigo 4 das bases reguladoras.
	Que os ingresos da súa unidade de convivencia, computados conforme estableza a resolución da convocatoria, sexan iguais ou inferiores a 1,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) ponderado, agás no suposto previsto no artigo 3.2.a) das bases reguladoras.
	Non ter, nin a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia (UC), vínculo de matrimonio ou relación estable análoga coa persoa arrendadora, nin tampouco vínculo de parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade até o segundo grao. Tampouco se a arrendadora é unha persoa xurídica respecto dos seus socios.
	Non ser propietario nin usufrutuario dunha vivenda en España, nin o solicitante nin a UC, con algunas excepcións. (Ver ordinal Quinto, parágrafo g)
	Non ser arrendatarias de vivendas xestionadas polo IGVS.
	Que a persoa solicitante e as restantes persoas da unidade de convivencia estean ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non teñan pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
	Non estar incursas en ningún dos supostos previstos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás o de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social.

RENTA MENSUAL MÁXIMA DA VIVENDA E CONTÍA DA AXUDA POR MUNICIPIO	Renda mensual máxima	Municipio	Contía mensual da axuda
	450 €	A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo	225 €
	400 €	Provincia da Coruña: Ames, Ares, Arteixo, As Pontes de García Rodríguez, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cee, Cedeira, Culleredo, Fene, Melide, Mugardos, Narón, Neda, Noia, Oleiros, Ordes, Orosa, Padrón, Pontedeume, Ribeira, Sada e Teo	200 €
		Provincia de Lugo: Burela, Cervo, Chantada, Foz, Monforte de Lemos, Ribadeo, Sarria, Vilalba e Viveiro	
		Provincia de Ourense: Allariz, A Rúa, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Xinzo de Limia	
	350 €	Provincia de Pontevedra: A Estrada, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Gondomar, Lalín, Marín, Moaña, Mos, Nigrán, O Grove, Poio, Ponteareas, Pontecesures, Redondela, Sanxenxo, Tui, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa	175 €
* Estas contías incrementaranse ata un 20% no caso de que as persoas arrendatarias sexan integrantes dunha unidade de convivencia que necesite unha vivenda adaptada para algúns dos seus membros.			
** Durante o ano 2022 as persoas <b>beneficiarias da prórroga do bono</b> de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero serán tamén beneficiarias dunha axuda de concesión directa complementaria á do bono de alugueiro segundo o seguinte detalle:			
1. A contía mensual da axuda complementaria para o ano 2022 será a mesma que viñeran percibindo no ano 2021. Non obstante, en ningún caso o importe desta axuda complementaria, conciuntamente coa axuda do programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, poderá superar o límite máximo da renda do contrato de alugamento que figure no respectivo expediente, nin a axuda complementaria poderá exceder do importe máximo de axuda mensual previsto no artigo 5 da Orde do 11 de abril de 2019.			
2. A axuda terá unha duración máxima de doce meses, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2022.			

## LÍMITES MÁXIMOS DOS INGRESOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA

Os ingresos da unidade de convivencia da persoa solicitante determinaranse calculando o rateo mensual dos ingresos netos correspondentes a cada unha das persoas membros da dita unidade de convivencia durante os 3 meses anteriores ao da presentación da solicitude, incluíndo no seu caso o rateo correspondente ás pagas extraordinarias.

Os límites máximos de ingresos para acceder a estas axudas calcularanse tomando como base do cálculo a contía do IPREM anual en 14 pagas para o ano 2021 (7.908,60 euros) multiplicado por 1,5. Esta contía dividirase polos seguintes factores de ponderación, en función do número de persoas que integren a unidade de convivencia, coa exclusión do agresor:

- Unidades de convivencia dun membro: 1,25
- Unidades de convivencia de dous membros: 0,90
- Unidades de convivencia de tres membros: 0,80
- Unidades de convivencia de catro membros: 0,70
- Unidades de convivencia de cinco ou máis membros: 0,60

IMPORTES MÁXIMOS MENSUAIS DOS INGRESOS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	Nº MEMBROS UNIDADE DE CONVIVENCIA	LÍMITE MÁX. DE INGRESOS MENSUAIS
	1	790,86 €
	2	1.098,42 €
	3	1.235,72 €
	4	1.412,25 €
	5 ou máis	1.647,63 €
	No caso de que algún dos membros da unidade de convivencia sexa unha persoa con discapacidade:	Aplicáraselle o límite máximo de ingresos do tramo seguinte ao que lle corresponda, segundo o número de persoas que integren a unidade de convivencia
DURACIÓN DA AXUDA	Fillos/as concibidos e non nados ou adopcións en trámite:	Contan como membros da unidade familiar
	A prorroga da axuda concederase polo período comprendido desde o mes seguinte ao de finalización da percepción da concesión inicial ou da prorroga que se viñera disfrutando ata o mes de decembro de 2022, ambos meses incluídos, e comprenderá tantos bonos mensuais consecutivos como meses existan no citado período.	

<b>DECLARACIÓN A REALIZAR COA SOLICITUDE</b>	<p>No modelo de solicitude de prorroga a persoa solicitante realizará as seguintes declaracóns:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Declaración de que non ten débedas coa persoa arrendadora por non pagamento das rendas e/ou subministracións.</li> <li>b) Declaración de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa da unidade de convivencia está incursa en algunha clase de inhabilitación para a obtención das axudas previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.</li> <li>c) Declaración de que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.</li> <li>d) Declaración de que todos os datos da solicitude e dos documentos que se achegan son certos.</li> </ul>
<b>DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ÁS SOLICITUDES DE PRÓRROGA</b>	<p>Coa solicitude de prorroga, anexo I, deberase achegar a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Documento acreditativo da representación da persoa que actúe como representante, de ser o caso. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <a href="https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados">https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados</a>.</li> <li>b) Anexo II, de comprobación de datos das persoas que integran a unidade de convivencia, distintas da persoa solicitante, no caso de que a unidade de convivencia estea integrada por máis dunha persoa.</li> <li>No caso de que unha unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar, deberase cubrir un anexo II por cada unha delas.</li> <li>c) Anexo III, de modelo de informe dos Servizos Sociais públicos de Galicia, no que se faga constar que subsisten as condicións de necesidade que deron lugar á concesión inicial, así como os ingresos da unidade de convivencia dos tres meses anteriores á data da solicitude de prorroga.</li> <li>d) Anexo IV, de declaración da persoa arrendadora da vivenda de que a persoa arrendataria non ten ningunha reclamación pendente por non pagamento das rendas e/ou subministracións.</li> <li>e) Declaración formalizada polas persoas asinantes do contrato de arrendamento de que este se prorrogará nas mesmas condicións que o anterior.</li> <li>f) Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou de calquera das persoas que figuran no anexo II, no seu caso, no suposto de non ser expedido pola Xunta de Galicia.</li> </ul>

<b>XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN</b>	<p>De conformidade co establecido no artigo 15 da ORDE do 11 de abril de 2019, a persoa beneficiaria deberá xustificar o pagamento da súa parte da renda mensual para poder cobrar a subvención.</p> <p>No suposto de que a renda de alugamento sexa superior ao importe das axudas, esta xustificación deberá realizarse mediante un extracto ou certificado bancario que acredite o pagamento que lle corresponde satisfacer no número de conta sinalado pola persoa arrendadora no correspondente anexo, que deberá remitir á área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes.</p> <p>No suposto de que a renda de alugamento sexa igual ou inferior ao importe das axudas concedidas, a persoa arrendataria deberá acreditar que segue residindo na vivenda alugada mediante a presentación dunha DECLARACIÓN RESPONSABLE. (Artigo 15.1 da ORDE do 11 de abril de 2019).</p> <p>Esta declaración responsable deberá remitirse á área Provincial do IGVS onde estea situada a vivenda dentro dos dez primeiros días naturais de cada mes, e podrá presentarse por vía electrónica accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada ou en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, podendo utilizar para elo o modelo que se achega con esta resolución.</p>
<b>XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN</b>	<p>Unha vez que a persoa beneficiaria acredite ante o IGVS a xustificación do pagamento da súa parte da renda mensual ou, de ser o caso, presente a declaración responsable sinalada no artigo 15.1, realizarase o pagamento das axudas mensuais do bono de alugueiro social e, no seu caso, da axuda de concesión directa complementaria á do bono de alugueiro, mediante transferencia bancaria na conta da persoa arrendadora.</p>